



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE MAIO DO 2025.

Sesión 08/2025-P

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u> <u>Alcalde</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) <u>CONCELLEIROS</u> Grupo Sadamaioría (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM) D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE») D. Emilio Graña Mosquera («BNG») <u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto <u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas	No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.31 horas do día xoves 29 de maio do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte
--	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Alcalde, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno ordinario do mes de maio do 2025 do Concello de Sada e dicindo que se dá comezo con un pouco de atraso por mor da sesión extraordinaria anterior.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 06/2025).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 06/2025, ordinaria do 24 de abril (posta a disposición dos membros da Corporación para os efectos; o alcalde fai referencia á número 7 por un erro de transcripción na convocatoria, mais trátase da núm. 6).



Non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral na súa sesión extraordinaria do 26 de maio do 2025, que recolle:

«Primeiro.- Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de Sada para o período 2025-2026

Segundo.- Remitir o PEF ao Ministerio de Facenda a través da aplicación PEFEL2 habilitada na Oficina Virtual de Coordinación Autonómica e Local no prazo de cinco días dende a súa aprobación

Terceiro.-Publicar o PEF no BOP».

Intervenñen a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, facendo unha exposición; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) e o Alcalde, sr. Portela Fernández (SM). E novamente a sra. Pena, quen entra a debater co Alcalde.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de Sada para o período 2025-2026.

Segundo.- Remitir o PEF ao Ministerio de Facenda a través da aplicación PEFEL2 habilitada na Oficina Virtual de Coordinación Autonómica e Local no prazo de cinco días desde a súa aprobación.

Terceiro.- Publicar o PEF no BOP.

3º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 17/25. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/25.

O Alcalde, sr. Portela Fernández (SM), xustifica a urxencia deste punto, non ditaminado previamente:

«Basicamente, acabamos de ter un pleno, aínda que hai máis puntos importantes e urxentes dentro da modificación de crédito hai dous realmente importantes: o primeiro é que aprobamos este ano un regulamento de emerxencia social cunhas novas tarifas que se incrementaron substancialmente e fai necesario suplementar a partida de emerxencia social, e así o traemos na proposta de hoxe; e outro, que xa debatemos antes, que é o crédito para licitar o contrato da escola infantil, insuficiente porque hai un incremento xa digo de 420.000 euros (...) a 587(.000), e hai que suplementar a diferenza polos meses que quedan para poder licitar».

Seguidamente, vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando rexeitada a urxencia por maioría absoluta.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 17 de abril (núm. 776) ata o 26 de maio do 2025 (núm. 1002).



Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 17 de abril (núm. 776, do expediente 2025/G003/000805) ata o 26 de maio do 2025 (núm. 1002, do expediente 2025/G003/001040), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

1ª.- Moción do grupo municipal Sadamaioría para solicitar á Xunta de Galicia a construción dunha residencia pública de maiores en Sada.

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, voceiro do grupo municipal Sadamaioría, xustifica a urxencia da moción, presentada para solicitar á Xunta de Galicia a construción dunha residencia pública de maiores en Sada.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada por unanimidade a urxencia da devandita moción.

A continuación, o sr. Villar dá lectura á moción, cuxo texto reproducése a continuación literalmente:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SADAMAIORÍA PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A CONSTRUCIÓN DUNHA RESIDENCIA PÚBLICA DE MAIORES EN SADA

Don Marcos Villar López, voceiro de Sadamaioría no Concello de Sada, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos:

No recente debate anual de Política Xeral celebrado no Parlamento de Galicia, o Alcalde da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou a construción de 24 novas residencias públicas de maiores, con 1.800 prazas, que se executarían en concellos de menos de 50.000 habitantes. Esta medida responde á crecente demanda de servizos sociais e asistenciais para unha poboación que envellece de forma continuada.

O Concello de Sada non conta a día de hoxe con ningunha residencia pública para persoas maiores, o que supón unha carencia importante para moitas familias da localidade. A veciñanza de Sada supera os 17.000 habitantes, dos cales máis dunha cuarta parte teñen máis de 65 anos, polo que é imprescindible que as administracións faciliten recursos que garantan unha atención adecuada e próxima.

Dispor dunha residencia pública xestionada pola administración garante non só a calidade dos servizos prestados, senón tamén a transparencia na súa xestión e o acceso universal sen discriminación económica ou social. A xestión pública favorece a estabilidade do persoal, a planificación a longo prazo e a adaptación das prestacións ás necesidades reais das persoas usuarias.

A atención ás persoas maiores é unha cuestión fundamental para garantir a súa calidade de vida e o seu benestar. Ter unha residencia pública próxima ao domicilio habitual permite manter os vínculos familiares e sociais, algo esencial para a saúde emocional e física das persoas usuarias. A oferta pública de prazas residenciais na área metropolitana da Coruña é insuficiente, o que fai necesaria a creación dun servizo deste tipo en Sada.

O Concello dispón dunha parcela dotacional en Mondego de 12.887 metros cadrados, onde xa se atopa un centro de día que ocupa menos de 800 metros cadrados, polo que hai espazo suficiente para desenvolver unha residencia pública. Poñer esta parcela a disposición da Xunta permitirá xerar sinerxías na xestión e garantir a continuidade e coordinación dos servizos sociais na zona.

Ademais, a parcela está situada nun entorno natural, rodeada de espazos verdes e tranquilidade, que favorece o benestar físico e emocional das persoas maiores. Este entorno ofrece unha calidade ambiental ideal para o descanso, a recuperación e a realización de actividades ao aire libre que potencien a autonomía e a saúde das persoas usuarias. A ubicación permite tamén o desenvolvemento de programas terapéuticos e de lecer vinculados á natureza, así como a participación activa da comunidade, promovendo unha vida máis enriquecedora e integrada.

Por todo isto, o grupo municipal Sadamaioría propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que o Concello de Sada solicite á Xunta de Galicia a inclusión do noso municipio no plan de construción das 24 novas residencias públicas de maiores anunciado polo Alcalde da Xunta, Alfonso Rueda.



2. Que o Concello de Sada poña a disposición da administración autonómica a parcela municipal situada en Mondego, de uso socioasistencial, como emprazamento axeitado para a construción da citada residencia.

3. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Política Social».

Seguidamente, a secretaria fai uso da palabra para efectuar unha advertencia de legalidade con respecto do punto 2 da parte dispositiva proposta, que lle indica ao Alcalde xa lle avanzara ao principio da sesión:

«O punto 2 que vén aquí ‘poñer a disposición da administración autonómica’ carece de expediente para poder levar a cabo esta adopción de acordo; falta a depuración, entre outras cousas, física e xurídica do ben que se está dicindo que se pon a disposición; falta o informe técnico sobre a idoneidade e a análise urbanística da parcela e o informe xurídico. Por tanto, isto ten que excluírse».

Intervén o sr. Villar, abrindo a posibilidade de procurar unha redacción alternativa da parte dispositiva e nomeadamente dese punto da proposta de acordo.

Interveñen tamén a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen amosa a súa conformidade coa moción e coa corrección indicada; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), quen se manifesta en idéntico senso; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen tamén amosa a concordancia do seu grupo mais coa introdución dunha emenda consistente en ampliar a petición tamén á Deputación, que di que tamén está a anunciar e efectuar este tipo de construcións; a sra. Salorio Porral (APSU), quen amosa tamén a concordancia do seu grupo mais pregúntase por que se trae este asunto como moción en troques de ter máis presenza en Santiago.

Volven intervir o sr. Villar e a sra. Arias, así como tamén a secretaria, na procura dunha redacción final de proposta, a que acollendo a advertencia de legalidade da secretaria e a emenda do grupo municipal do PP logo do seu debate e aceptación polo grupo proponente queda finalmente fixada da seguinte maneira, segundo a pasa a relatar o sr. Villar:

1.- Que o Concello de Sada solicite á Xunta de Galicia a inclusión do noso municipio no plan de construción das 24 novas residencias públicas de maiores anunciado polo Alcalde da Xunta, Alfonso Rueda.

2.- Ampliar esta solicitude á Deputación da Coruña.

A continuación, procédese á votación da dita emenda, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Que o Concello de Sada solicite á Xunta de Galicia a inclusión do noso municipio no plan de construción das 24 novas residencias públicas de maiores anunciado polo Alcalde da Xunta, Alfonso Rueda.

2.- Ampliar esta solicitude á Deputación da Coruña.

2ª.- Moción do grupo municipal do partido Popular sobre o financiamento do sistema de atención á dependencia.

A sra. Arias Ferreiro (PP), voceira do grupo municipal do partido Popular, xustifica a urxencia da moción, relativa ao financiamento do sistema de atención á dependencia.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 13 (7 SM, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 4 UPSA.

Resultando aprobada por maioría absoluta a urxencia da devandita moción.

A continuación, a sra. Arias expón de maneira resumida a moción, cuxo texto íntegro reproducése a continuación literalmente:



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000008

«MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE O FINANCIAMENTO DO SISTEMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

O Grupo Municipal Popular de Sada, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea é a rexión máis envellecida do mundo, e a tendencia actual apunta a que cada vez o será máis. Dentro dela, hai varias rexións nas que se agudiza especialmente esta situación, unha é Galicia, onde as persoas maiores de 65 anos xa representan máis dunha cuarta parte do total da poboación.

Como é lóxico, este envellecemento poboacional tradúcese nun incremento da cidadanía en idade dependente, que necesita e demanda asistencia para realizar actividades básicas da vida cotiá. A atención a este colectivo de poboación convértese nun reto para todos os poderes públicos e require dunha resposta firme e adaptada ao modelo actual da nosa sociedade.

Para dar resposta a esta situación aprobouse, cunha ampla maioría, a Lei estatal 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que xurde co obxectivo de regular as condicións para garantir a igualdade no exercicio do dereito dos cidadáns á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas.

Este é o marco normativo aprobado hai preto de vinte anos no que se recollen os dereitos dos cidadáns, pero tamén os deberes de todas as administracións implicadas. Avda. Fernando Casas Novoa. Edf. CNL Portal A Baixo 15707 Santiago de Compostela Tel. 981552480 ppdeg Galicia@ppdeg Galicia.com

Dúas décadas despois da aprobación da coñecida como Lei da Dependencia, o sistema segue tendo certas eivas que están lonxe de corrixiarse. A principal, ten que ver co problema estrutural de financiamento que Galicia leva denunciando desde hai moitos anos.

A Lei fixa que o gasto dos servizos e prestacións debe asumirse ao 50% entre as Comunidades Autónomas e a Administración Xeral do Estado, algo que nunca sucedeu e que actualmente segue sen corrixiarse.

O crecente esforzo inversor por parte da Administración autonómica, e tamén da local, para atender ás súas veciñas e veciños, non ten a mesma correspondencia por parte do Goberno central. Deste xeito o recoñece o propio Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 na Memoria de análisis del marco normativo de la Ley de Dependencia:

“... La financiación originalmente planteada por la Memoria de la Ley de Dependencia no se alcanzó, ni en términos absolutos, ni en términos relativos al cumplimiento del objetivo de financiación del 50%”.

Esta é unha cita literal dun documento presentado ás comunidades autónomas a comezos de marzo no Pleno do Consejo Territorial de Servicios Sociales y Dependencia. É dicir, o Goberno central recoñece que non achega o que debe achegar por Lei. Iso vai en detrimento dos servizos que reciben os veciños e prexudica directamente ás arcas municipais e autonómicas.

A pesar diso, é preciso salientar os avances que se produciron na nosa comunidade. Así, tal e como reflicten os datos publicados polo IMSERSO, Galicia rexistra unha evolución positiva neste ámbito e na actualidade máis de 77.000 persoas que teñen a súa dependencia recoñecida, reciben un servizo ou prestación. Esta cifra sitúa á nosa Comunidade cunha ratio de atención do 98,46%, unha das máis elevadas de España e 6 puntos por encima da media nacional.

De feito, nos últimos 15 anos o número de persoas dependentes atendidas na nosa comunidade multiplicouse por cinco. Cada ano a Administración autonómica aumenta o seu orzamento en materia de dependencia para poder seguir ofrecendo servizos aos galegos que o precisen.

É importante poñer en valor estes datos, sabendo que Galicia é unha das comunidades líderes grazas ao esforzo que fai a Xunta de Galicia e tamén os concellos.

Xa debullando os datos económicos, este ano Galicia inviste no eido da dependencia máis de 700 millóns de euros, dos que preto do 70% proceden das propias arcas autonómicas mentres que a Administración Xeral do Estado faise cargo da parte restante, moito menor. Polo tanto, o que se observa é unha balanza moi desequilibrada que repercute directamente nos servizos e prestacións que reciben os galegos e un incumprimento incontestable do establecido na lei estatal.

No caso concreto da nosa Comunidade Autónoma, as achegas ao sistema de atención á dependencia por parte do Goberno central redúcense dun ano a outro, ao pasar do 40% en 2023 ao 34,9% en 2024, o que provoca que a débeda acumulada coa nosa Comunidade nesta materia supere os 2.500M€.

É moi significativa esta baixada tendo en conta que hai só un ano, antes das eleccións autonómicas o ministro, Pablo Bustinduy, dixo nunha entrevista dun medio de comunicación galego que o obxectivo era asumir o 50% do gasto da dependencia en Galicia. Só un ano despois, lonxe de incrementar os apoios estatais o que vemos é unha baixada nesa porcentaxe que debía subir.

Para Galicia, dispor dos máis de 2.500 millóns de euros que nos debe o Goberno Central suporía poder chegar a máis galegos dependentes que precisan algún tipo de atención. Hai que ter en conta que sen a aprobación dos Presupuestos Generales del Estado (PGE) esta situación agravarase xa que mentres o Goberno galego continuará incrementando fondos, servizos e atendidos, a Administración xeral do Estado conxelaraos.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000008

Ademais de non achegar o financiamento axeitado, o Goberno central realiza modificacións normativas sen ter en conta o resto de administracións, que son as competentes e as que xestionan a maioría de servizos.

Así, primeiro en xullo do ano 2023 o Goberno central publicou un Real Decreto (RD 675/2023, do 18 de xullo) polo que se modifica o sistema de prestacións en dependencia, de xeito unilateral e sen contar coas Comunidades Autónomas.

E, ano e medio despois, o pasado febreiro, o ministro de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030 presentou o anteproxecto de lei que reforma a Lei de Dependencia e a Lei de Discapacidade.

Ambos cambios conlevan obrigacións ao resto de Administracións sen vir acompañadas do correspondente financiamento, isto é, sen ningún tipo de axuda orzamentaria estatal.

A teleasistencia pasa a ser un dereito subxectivo, ampliáanse as contías das prestacións e fanse modificacións directas no Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que tanto está supoñer para os concellos.

Agora, o Goberno central incrementa as intensidades do servizo ao aumentar as horas mínimas para atender a unha persoa en situación de dependencia. Amplía as accións a realizar no servizo, xa que agora tamén contempla tarefas fóra do fogar (para ir á compra, ao médico ou ao centro de día, por exemplo).

Todo isto leva consigo un encarecemento do servizo, máis necesidade de persoal e modificar os contratos actualmente en vigor que teñen os concellos coas empresas prestadoras do Servizo.

Actualmente o SAF percíbena en Galicia máis de 24.000 persoas, un servizo de competencia municipal ao que os concellos galegos destinan unha boa parte do seu orzamento, facendo un esforzo económico relevante, e ao que a Xunta de Galicia achega este ano máis de 140M€ anuais.

Incrementar deste xeito este servizo como quere impoñer o Executivo Central sen ter en conta ás Comunidades Autónomas que son as que o financian na súa maior parte, nin aos concellos que son os que o xestionan, require de máis recursos e de máis persoal. Dous requisitos indispensables ignorados polo Goberno.

É dicir, a reforma da Lei debe vir acompañada de financiamento. Un financiamento que tamén debера ter en conta as singularidades dos territorios, porque non todos son iguais. No caso concreto da nosa Comunidade, a dispersión ou o envellecemento da poboación son factores que incrementan considerablemente o custo dos servizos, e que obrigan ás administracións galegas a realizar un esforzo económico moito maior.

Non se poden impoñer máis obrigacións aos concellos sen que a reforma veña acompañada do financiamento necesario.

Por todo o exposto, o grupo municipal do PP do Concello de Sada propón á corporación municipal adoptar o seguinte acordo,

O Pleno Municipal insta ao Goberno Central a:

- 1. Presentar dunha memoria económica concreta na que se avalíe e determine o custo da modificación da Lei de Dependencia.*
- 2. Atender as suxestións feitas pola Administración autonómica galega a este cambio normativo que considere as peculiares circunstancias da realidade social e demográfica de Galicia.*
- 3. Cumprir co cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno Central sexa equitativa.*
- 4. Saldar a débeda acumulada coa nosa Comunidade en materia de dependencia, que mascende a máis de 2.500 millóns de euros, para así poder achegar máis recursos ás persoas dependentes que o requiren.*
- 5. Dar traslado deste acordo tanto á Xunta de Galicia como ao Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030».*

O Alcalde, sr. Portela Fernández (SM), adianta que o seu grupo municipal ha presentar unha emenda, consistente en que o incremento dese financiamento do Estado para a Xunta se traslade pola Xunta os concellos na mesma proporción, porque di que os concellos están tamén 'infrafinanciados', poñendo como exemplo o caso do SAF (servizo de axuda no fogar), servizo polo que di que se están a dar ao concello 12 euros cando realmente os custes do informe de viabilidade establecen 23,44 euros, e di que non se pide que se lles financie na súa totalidade pero si que se incremente substancialmente esa achega de xeito proporcional.

Logo de debatelos, o grupo propoñente da moción acepta a emenda, mais a secretaria indica que é preciso fixar en que apartado hase introducir a dita emenda e que quede todo lido.

Finalmente, decídese introducir un punto 5 no que se recolla 'Que se incremente a dotación ás entidades locais', así como que o actual punto 5 da moción pase a ser punto 6, quedando a proposta emendada como segue:

«O Pleno Municipal insta ao Goberno Central a:

- 1. Presentar dunha memoria económica concreta na que se avalíe e determine o custo da modificación da Lei de Dependencia.*
- 2. Atender as suxestións feitas pola Administración autonómica galega a este cambio normativo que considere as peculiares*



circunstancias da realidade social e demográfica de Galicia.

3. *Cumprir co co-financiamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno Central sexa equitativa.*

4. *Saldar a débeda acumulada coa nosa Comunidade en materia de dependencia, que ascende a máis de 2.500 millóns de euros, para así poder chegar máis recursos ás persoas dependentes que o requiren.*

5. *Que se incremente a dotación ás entidades locais.*

6. *Dar traslado deste acordo tanto á Xunta de Galicia como ao Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030».*

Intervén a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen fronte ao dito con respecto do Estado expresa pola súa parte unha posición crítica tamén do grao de cumprimento da Xunta de Galicia, xa que segundo di a posición do Estado é que non cre deber nada porque para obter ese diñeiro hai que realizar a execución dun plan estratéxico segundo a lei, o que a Xunta non ten feito, plan que hai que renovar ademais cada seis anos; e que ademais segundo a FEGAMP (federación galega de municipios e provincias) dos 20 euros que en principio son a hora (do custe) do SAF 7 páganse polo Estado, 5 pola Xunta e o resto págase entre concellos e usuarios, polo que ningún dos dous (Estado nin Xunta) está a pagar o 50%.

Intervén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), quen reproba ao grupo municipal do PP que aproveite un tema tan delicado como a dependencia para (en definitiva) criticar a 'Pedro Sánchez' (Alcalde do goberno de España) e atacar a política estatal.

Interveñen de novo a sra. Arias e a sra. Pena, debatendo entre elas.

Intervén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen anuncia o cambio do senso do voto do seu grupo (abstivéranse) porque entenden que a moción pasa a ter relación directamente e repercutir en Sada, polo que votarán a favor.

Intervén a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada do servizo de Benestar Social e Igualdade e Emprego, quen dá lectura a un escrito para os efectos concluindo que desde o seu grupo cren que o necesario é que se esixan melloras e máis financiamento tanto ao Estado como á Xunta no ámbito das súas competencias.

Interveñen novamente o sr. Graña, a sra. Pena e o Alcalde.

A continuación, procédese á votación da moción do grupo do PP coa emenda indicada xa indicada, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

O Pleno Municipal insta ao Goberno Central a:

1. Presentar dunha memoria económica concreta na que se avalíe e determine o custo da modificación da Lei de Dependencia.
2. Atender as suxestións feitas pola Administración autonómica galega a este cambio normativo que considere as peculiares circunstancias da realidade social e demográfica de Galicia.
3. Cumprir co co-financiamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno Central sexa equitativa.
4. Saldar a débeda acumulada coa nosa Comunidade en materia de dependencia, que ascende a máis de 2.500 millóns de euros, para así poder chegar máis recursos ás persoas dependentes que o requiren.
5. Que se incremente a dotación ás entidades locais.
6. Dar traslado deste acordo tanto á Xunta de Galicia como ao Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030.



C. Rogos e preguntas.

Polo grupo municipal mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), fai os seguintes rogos:

1º) Roga celeridade a toda a administración local para executar de forma urxente as obras da ampliación do colexio de Sada y sus contornos:

«O primeiro é un rogo que como me toca falar de primeiro pois seguramente todos os partidos que estamos aquí o fariamos, que nos chegou unha carta do colexio de Sada y sus contornos para... queixándose de que hai que axilizar a ampliación do colexio, que a execución desa obra é urxente, e o rogo é ao goberno municipal, é que urxe, e así lle chegou a carta tamén, así é que non a vou ler porque todos a limos e supoño que é pública, e lle digo a toda a veciñanza que lle bote un ollo, pois que lle rogamus celeridade neste tema a toda a administración local, que os funcionarios e os políticos que estades gobernando que nos poñamos a sacar este tema, porque é importante».

2º) Roga que se lle preste atención ás verteduras de enseres, entullo e de todo que se realizan nos camiños para tratar de acabar con este problema:

«SR. GRAÑA: O segundo rogo tamén é..., foi tema viral nas redes, eu vino por aí nas redes tamén e logo o vivín porque son camiños..., falo do lixo nos camiños, dos camiños forestais de Lácere, de Taibó, da contorna de Mondego, onde vivo eu, pois hai xente que non sei que adxectivo darlle, mellor non lle poño ningún, que se adica a tirar todo tipo de enseres, entullo por aí, non sei, de todo. Nos camiños hai veciños que con boa vontade retiran ese lixo. Certamente creo que é moi complicado xestionar pola nosa administración este tipo de malos cidadáns ou malas cidadás, é moi complicado pero si que lle rogo ao goberno municipal que faga o que poidamos, é complicado, eu creo, vixiar os camiños, non se poden poñer cámaras, non vas ter un policía municipal alí vixiando, pero 'bueno'. Neste tema si que suñiar algo que a min, 'bueno', creo que a min e a moitos veciños e veciñas do noso concello nos molestou e que non é a primeira vez que pasa que o alcalde do concello veciño nos insulta publicamente e nos falta ao respecto, si, eu considero unha falta de respecto que nos diga que tiramos o lixo, que como tiremos o lixo en Dorneda que nos van a..., xa verás como me vou poñer, foi así. Tamén nos pasou cando foi o tema da glorieta do Sol y Mar, resulta que somos os sadenses os que atascamos a glorieta, perfecto, non sei. Entón iso, (dirixíndose á sra. Nogareda) que non só insulta á sra. Nogareda este home, que todos o vivimos entón, foi o seu xefe, non sei por que se alistou nesa historia, creo que aprendeu.

SRA. NOGAREDA: Pensei que era unha sorpresa para vostede, por iso estaba sorprendida agora; o do insulto, quero dicir.

SR. GRAÑA: Non, non, pero 'bueno', eu crin que estaba acostumada porque, claro, como xa militaba nese partido pois xa pois debe ser o día a día, pero 'bueno'. E entón iso, que de verdade que me parece que non..., 'bueno', non vamos entrar máis nesa historia pero... non se me ocorre de verdade que proposta facerlles fisicamente así de como liquidar ('solventar') este tema, máis educación ambiental, sancións se pillamos aos delinquentes..., pero é unha mágoa e considero que aí todos temos que estar a unha e á cidadanía tamén ánimoa a colaborar neste tema e parabéns pola xente que recolleu o lixo nos camiños, non sei se será Lácere ou non sei se era Taibó. Pero 'bueno', que está Lácere, está Taibó e está todo feito un...».

3º) Rógalle ao concelleiro de cultura a ampliación do horario da biblioteca, no contexto de facer dela un bo lugar para o estudio, rogo que di que xa fixeran noutras ocasións, e refírese e reparte para os efectos en soporte de papel unha nova dunha proposta que fixo o BNG na Illa de Arousa que é unha aplicación telemática que di que non é cara para ter a biblioteca aberta en horario 'semi-interrompido' como proposta a considerar porque entende que pode ser viable.

Continúa o sr. Graña formulando as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta como está o tema da apertura do río (Maior), como vai esa iniciativa, que cren que é moi importante e querían que se fixese público se hai algún avance ou algún atranco, que se lles informe desde o goberno municipal.

2ª) Pregunta pola habilitación dos baños nas pistas de Mondego, unha moción que se aprobou no anterior pleno, unha petición veciñal que considera importante, unha reivindicación que cualifica de histórica da asociación de veciños de Mondego e que sería urxente ter ese servizo alí antes das festas de Mondego.

3ª) Pregunta se hai algo pensado para as festas de agosto de fomento da cultura galega máis alá de cubrir o expediente, volvendo di que coa teima de se hai algunha programación en galego, grupos locais, cultura local ou mesmo se hai algo programado polo contexto do ano dedicado a Isaac Díaz Pardo.



Continúa polo grupo municipal mixto a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen logo de explicar que non lle foi posible asistir á sesión plenaria extraordinaria inmediatamente anterior a esta ordinaria, fai o seguinte rogo:

4º) Roga que por favor, e como lle gustaría, que se finalizara coa xestión de non calidade que di que se leva a cabo neste concello, xa que todo o que é non calidade di que o que supón son maiores custes, polo tanto máis gastos e unhas perdas económicas e de reputación e desde logo unha insatisfacción por parte da cidadanía.

A sra. Pena formula tamén estas tres preguntas:

4ª) Pregunta en que prazos estanse a tramitar os permisos por reformas.

5ª) Pregunta a raíz da sesión ordinaria anterior con relación ás obras na rúa de Sanjurjo Badía se se sabía que había moitas posibilidades de que houbera amianto por que non se contratou xa desde o principio esa retirada ou incluso por que se tivo que tardar cinco meses.

6ª) Pregunta con respecto duns recentes contratos de aumento ou reforzo do cadro de persoal de Obras e Servizos se han ser realmente para a limpeza e rozadura dos camiños.

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, dá unha explicación sobre o rogo relativo á biblioteca (3º) e contesta á pregunta sobre a programación das festas de agosto (3ª).

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta á pregunta sobre as obras na rúa de Sanjurjo Badía (5ª):

«Boa tarde de novo. Comentar na obra de Sanjurjo Badía xa expliquei no anterior pleno no proxecto non aparecía contemplada a existencia dese tipo de residuo, tan pronto se detectou o director de obra reflectiuno no seu modificado e incrementou o orzamento para esa partida».

O Alcalde, sr. Portela Fernández (SM), contesta á pregunta relativa ás obras de reforma (4ª).

«ALCALDE: O tema das reformas, dependendo, a maior parte das reformas son comunicación previa, non hai un prazo estimado, é comunicación previa e non necesitan informe do arquitecto; as reformas que conlevar pola súa natureza informe técnico a día de hoxe só dispoñemos do arquitecto, sabedes que se xubilou o arquitecto técnico, non o substituímos e si que leva máis atraso do habitual.

SRA. PENA: Aproximadamente canto?

ALCALDE: Non che podo dicir, e que depende moito tamén de como estea o proxecto, se o proxecto é favorable á primeira e non ten emendas pois é moito máis rápido que se ten que requirírselle para que emende.

SRA. PENA: Un proxecto de una reforma en Fontán que el dueño de la casa la solicitó en junio del año pasado todavía no ha recibido ninguna contestación y además tiene contestación de Patrimonio en principio de que la reforma es correcta, se puede hacer, está dentro de la legalidad y del ayuntamiento de Sada todavía no tiene ninguna respuesta.

ALCALDE: Se me podes dicir o número de licencia despois mirarei por que, porque adoita haber requirimentos.

SRA. PENA: Sí, porque en unos días hace un año.

ALCALDE: Se me dis o expediente saberemos o que pasou; estráñame moito que non houbera ningún tipo de requirimento, pero 'bueno'.

SRA. PENA: Creo que además hizo varias entradas de registro solicitando contestación.

ALCALDE: Pero xa digo, a maior parte das reformas son comunicación previa que non necesitan resolución por parte do concello para comezar a obra.

SRA. PENA: ¿Y la comunicación previa, aproximadamente en que plazo?

ALCALDE: Aos quince días se non tes contestación do concello xa podes comezar, e así, no o estou inventando eu, é o que pon a lei, e é así, opera desde o un de xaneiro do 2023; tamén é comunicación previa as licencias de primeira ocupación, por exemplo».

O Alcalde contesta á pregunta sobre o río Maior (1ª):

«Como está o tema da apertura do río? Pois o día oito de abril tivemos unha reunión á que asistiu tamén a sra. Arias en Augas de Galicia con todas as partes implicadas e, 'bueno', pois había unhas discrepancias entre o redactor do proxecto contratado por Augas de Galicia e os nosos servizos técnicos en canto á integración paisaxística do proxecto proposto por Augas de Galicia, e a día de hoxe, iso foi o día oito de abril, e o primeiro luns despois da Semana Santa xa tiveron unha primeira reunión cun equipo redactor do concello para proceder á integración paisaxística do proxecto e coido que van entregar todas as achegas realizadas desde o concello para os



cambios que habemos pedir que realice Augas de Galicia no proxecto para facilitar a integración paisaxística entre mañá ou o luns, martes da semana que vén; entregáraselle todas as achegas para as modificacións que entenden pertinentes tanto o equipo redactor contratado polo concello para que cambien no proxecto, esa é a situación actual».

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta á pregunta sobre os baños das pistas de Mondego (2ª):

«SR. FARIÑA: Falta que me quedou a min dos baños das pistas de Mondego comentar que estivemos xa con algún técnico mirando a infraestrutura e 'bueno', na parte, 'bueno', hai que facer un estudo un pouco máis serio porque pensabamos que había..., 'bueno', que as dotacións eran mellores pero non están ben e hai que facer un proxecto un pouquiño máis potente

SRA. PENA: Perdona, creo que non entendiste la pregunta, más o menos disteis a entender que como era una calle que llevaba muchísimo tiempo con las tuberías ahí había una posibilidad altísima de que hubiera amianto, de hecho hablasteis de todos los cambios que se hicieron de todas esas tuberías viejas que había con amianto, entonces por que no se valoró ya que seguramente iba a haber amianto, no se contempló antes de, más o menos yo creo que quieren preguntar eso.

SR. FARIÑA: Eu non redactei o proxecto ni ningún de nós, redactouno un enxeñeiro de camiños e el estimou que...

SRA. PENA: Pero lo normal es que nosotros desde Sada les digamos, oye, que puede haber amianto, en Sada nos hemos encontrado amianto en no sé cuantas calles de esa época se construyeron.

SR. FARIÑA: Repito, o redactor do proxecto, o enxeñeiro redactor do proxecto o considerou que iso era así, e polo tanto considerou que non existiría, cando se localizou procedeuse a reflectilo e incrementar o orzamento e é o que se está facendo».

O sr. Fariña contesta tamén á pregunta sobre os traballos que realizarán os contratados recentemente para Obras e Servizos (6ª).

Polo grupo municipal do PP, a sra. Arias Ferreiro formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta que documentos e por que non chegan os ditos documentos ao Fisco, que que é o que pasa aí, logo de lle dar lectura a unha publicación en prensa para os efectos na que se inclúe a Sada entre a relación de concellos que incumpren a súa obriga de remitir a información económica ao Ministerio de Facenda.

A sra. Arias fai tamén o seguinte rogo:

1º) Roga que se actualice a páxina web do concello (sada.gal) logo de explicar que para o caso do centro de día de Mondego figura no contacto a sra. Salorio, como se aínda tivese responsabilidades de goberno (como concelleira delegada), o que lle semella que é un desleixamento.

A sra. Arias formula outra pregunta:

2ª) Pregunta por que non se tomaron medidas con respecto do repetidor de televisión do concello, que por que non se arranxa, sabendo os problemas que teñen algúns veciños, sobre todo na praza da Igrexa Nova, que non ven certas canles da televisión (dixital terrestre, tdt).

A sra. Arias continúa con máis rogos:

2º) Roga, facendo referencia ao rogo efectuado polo sr. Graña no que falaba da limpeza dos roteiros polos veciños, que tamén o concello atenda, escoite os avisos dos veciños, porque di que lle resulta incomprensible que logo dun ano de terse avisado polos veciños de que hai iso aí siga iso aí, polo que di que está ben que se lles bote a culpa aos veciños de facer o que non se debe pero que tamén está moi mal que non se lles escoite e se incumpran as obrigas do concello.

3º) Roga que se saque coa antelación suficiente a licitación da Feira Modernista, para evitar os problemas do ano pasado coas licitacións de todos os postos, incluído o de bebidas, xa que logo esta licitación é algo previsible e debe facerse un prego para facela con tempo suficiente e non uns días antes para apuntarse.

4º) Roga que por favor se reactive xa a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Sada.

A sra. Arias, a propósito do rogo anterior, formula estouta pregunta:

3ª) Pregunta por que, estando perfectamente constituída e habendo persoal para que incluso se lles dea cursos de



formación e poñerse a funcionar, logo de máis dun ano non se ten reactivada a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, que considera que é algo necesario e cre que hai que ter unha agrupación potente aquí en Sada, á altura do noso pobo.

Continúa por este mesmo grupo municipal do PP a sra. Val Armesto, formulando as seguintes preguntas:

4ª) Pregunta para que se diga aquí publicamente de quen son os terreos da unidade de compensación UEI-8, a do terreo de monte que hai entre a avenida do párroco Villanueva e a praza da Barrosa que di que está chea de bichería de todo tipo, mesmo con víboras.

5ª) Pregunta a propósito da pregunta anterior cando foi a última vez que se solicitou a súa limpeza aos seus propietarios.

A sra. Val fai tamén o seguinte rogo:

5º) Roga que se mire por colocar unhas bandas rugosas ou algo na estrada que pasa polo lugar de Souto da Igrexa (Meirás), pois hai varias queixas de xente que vive alí que di que os coches pasan a alta velocidade, que non hai beiravías,... para frear todo iso, mais dando a entender que non sexa tanto como as lombas que se puxeron na avenida da Mariña.

Continúa tamén polo grupo municipal do PP o sr. Lonja Tajés, quen formula as seguintes preguntas:

6ª) Pregunta cando se han comezar a rozar as pistas parroquiais que di que están a florear coma todos os anos pola primavera ou a esixir aos seus propietarios que limpen os predios polo menos os que dan ás estradas ou que actúe o concello neste caso, porque di que a Primavera non é algo casual e estamos igual todos os anos.

7ª) Pregunta con relación ás cámaras que se instalaron no concello por quen as vai xestionar, quen ten esas imaxes, que é o que se vai facer con isto.

Continúa tamén polo grupo municipal do PP o sr. España López, coas seguintes pregunta e rogo:

8ª) Pregunta en que situación está o contrato dos socorristas (acuáticos) e vixiantes de todas as praias, porque di que o ano pasado houbo certa controversia non carente de polémica.

6º) Roga, logo dunha longa exposición para os efectos, que tanto o alcalde como todos os concelleiros que teñen delegacións das que depende persoal que teñan contratado do concello non utilicen que hoxe houbo un pleno (refírese á sesión extraordinaria anterior, por petición de varios concelleiros) para demonizar o ter convocado este pleno, que fagan o seu traballo que é a súa obriga, uns fiscalizar (a oposición) e outros render contas (alcalde e concelleiros delegados).

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, dá unha explicación sobre o rogo relativo ao mercado da Feira Modernista (3º); intervén tamén a sra. Arias.

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta á pregunta sobre o repetidor do concello (2ª), á relativa á roza de pistas, balados e parcelas (6ª); prodúcese intervencións da sra. Arias e dos sres. Lonja e España.

A sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, comenta e dá contestación con relación á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (rogo 4º e pregunta 3ª) remitíndose á intervención efectuada neste plenario anteriormente. Contesta tamén ás preguntas referentes ás cámaras (7ª) e socorristas das praias (8ª).

O Alcalde, sr. Portela Fernández (SM), contesta á pregunta sobre a falta de remisión de datos a Facenda (1ª); prodúcese intervencións da sra. Arias e do interventor.

O sr. España, dicindo que levan cinco preguntas e que lle falta unha, formula estouta pregunta:

9ª) Pregúntalle ao interventor, con base no seu informe sobre contratos menores con reparos de intervención, se



ten que ver que se teñan preto de cinco mil novecentas sesenta facturas dos anos 2023 e 2024 con reparos o feito de non ter as contas ao día e tamén algo con que non se mande a información ao Fisco en tempo e forma:

«INTERVENTOR: No, nada.

SR. ESPAÑA: Bueno, lo que sí tiene que ver es que hay un desastre de gestión económica.

INTERVENTOR: Bueno, perdón, gestión económica..., no sé a qué se refiere.

SR. ESPAÑA: Administrativa económica.

INTERVENTOR: Las facturas que vienen con reparos tienen una tramitación más larga que las que no llevan reparos, entonces en ese sentido sí que puede la existencia de un reparo o de una incorrecta tramitación en el correspondiente contrato sí que puede provocar una demora en la tramitación de la factura.

SR. ESPAÑA: Correcto, de hecho usted en su informe, a pie del informe, casi, casi terminándolo, dice que muchas de estas facturas no tendrían este tipo de reparos siempre y cuando el ayuntamiento generara un contrato con por ejemplo suministradoras de gas, suministradoras de luz...; por cierto, un argumento que ya hemos hablado aquí en el Pleno desde el principio de los tiempos, que no se hace.

INTERVENTOR: Sí, mire, yo en ese sentido sí he de decirle que la relación a la que usted hace referencia incluye las facturas que tienen reparos en función de lo que habían solicitado, bueno, pues ustedes, incluye las facturas que tienen reparos por no cumplir, por haber sido tramitadas como contratos menores y a mi juicio no cumplir con los requisitos de la contratación menor; reparos hay más.

(Inaudible).

INTERVENTOR: Claro, evidentemente en esa relación que he mandado, que son aquellos gastos con reparo por haberse tramitado como contrato menor sin cumplir los requisitos, si existieran los contratos correspondientes evidentemente no existiría el reparo.

SR. ESPAÑA: Gracias».

O Alcalde, sr. Portela Fernández (SM), referíndose á pregunta sobre os titulares da UEI-8 (4ª), remite á sra. Val á consulta do expediente, porque é un estudo de detalle no que hai moitos titulares e non quere equivocarse, que mesmo a propia sra. Val o é; intervén a sra. Val, quen entra a debater co Alcalde e falan tamén con respecto da pregunta sobre a última vez que se solicitou a limpeza deste terreo (5ª).

O Alcalde, sr. Portela, tamén se declara non defensor da regra do gasto, que di que nin se decide no concello de Sada e moito menos por decreto da Alcaldía; intervén o sr. España, para puntualizar que defensor da regra do gasto no o é, pero de dar pureza aos contratos tampouco.

Polo grupo municipal UPSA, a sra. Salorio Porral formula a seguinte pregunta:

1ª) Pregunta se se ten pensado arranxar nalgún momento un punto que di que xa trouxeran no mandato anterior relativo ás beiravías no lugar do Tarabelo (Sada), que di que son tan estreitas que non pasa unha persoa nunha cadeira de rodas ou cun carriño da merca o de bebé e onde hai uns días caeu un señor.

A sra. Salorio fai tamén os seguintes rogos:

1º) Roga a modo de recordatorio dunha reclamación dun veciño que lle pediu que o trasladase que se atenda o tema do colector de vidro do Perouteiro, que di que continúa na mesma situación.

2º) Roga que se controle á empresa encargada da limpeza viaria, se ten o persoal que debера ter para cubrir as quendas, porque as papeleiras en certas zonas que pon para o exemplo semella que non se están a baleirar coa periodicidade necesaria por estar cheas en exceso.

Continúa a sra. Nogareda Marzoa polo grupo municipal UPSA, interesándose polo non contestado en sesións anteriores:

a) Refírese ao tema da avenida do Párroco Villanueva, 25, se xa por fin se abriu un expediente para delimitar a que administración lle corresponden os terreos.

b) Insiste brevemente sobre o asunto da limpeza viaria, polo número de traballadores que a están a levar a cabo, que non se sabe se a empresa está a rebaixar a factura ou se cómpre esixir ás empresas co establecido nos pregos.



c) Lembra a pregunta efectuada na sesión anterior sobre o campo de fútbol de Carnoedo, da que di que aínda non teñen resposta.

A sra. Nogareda tamén aclara por alusións ao sr. Graña que non era militante de Alternativa dos Veciños e que (o alcalde de Oleiros) a ela non a insultaba, que cando a insultou foi publicamente e quen non deu a cara foron o resto das persoas que estaban presentes que defenderon ou referendaron esta actitude pero que ela faise respectar e mesmo tivo o arranque de se lle enfrontar por outros comentarios despectivos por parte do dito alcalde, nomeadamente en relación coa proposta do sr. Graña de piscinas no paseo marítimo. A sra. Nogareda comenta tamén con relación á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil que a concelleira non contesta porque non quere, porque di que xa contestou noutro pleno sen reparar nos cambios que se puideran ter producido desde entón.

A continuación, a sra. Nogareda formula as seguintes preguntas:

2ª) Pregunta polas alegacións e o estado da tramitación do Plan Especial de Veigue, porque di que hai persoas interesadas hai anos en saber o que vai pasar coas súas propiedades, se han poder ter ou non licencia de obras.

3ª) Pregunta como están as becas comedor, das que ademais comenta que ao mellor habería que revisalas no que atinxe á redacción dos apartados nos que se referencia ao empadramento en Sada das persoas beneficiarias.

4ª) Pregunta novamente en relación co POS polo que se solicitara para o amaño das dependencias da Policía Local, pendentes dunha posible emenda (do proxecto) que non entende que se poida producir cando as medidas legais son 2,50 m e as dependencias son dunha altura de 2,40 m, e que trátase dun proxecto no que xa o técnico municipal, o arquitecto, atopou deficiencias e despois a Deputación di que atopou aínda máis deficiencias, polo que poida que se teña que revisar a factura polo aboamento do dito proxecto porque entende que os proxecto deficientes non se deben pagar, sobre todo cando non son acordes á lei.

5ª) Pregunta por un requirimento do Xulgado con relación a facer efectivo o aboamento ou as dilixencias do aboamento das garantías de O Meu Lar, que di que son 4,5 millóns de euros.

A sra. Nogareda fai tamén o seguinte rogo:

3º) Roga que se eviten as imprecisións cando se dá unha información acerca da relación dunhas cousas con outras, logo de efectuar unha extensa aclaración con relación á circular da ANPA sobre o CEIP de Sada y sus contornos á que se fixo alusión no primeiro dos rogos do grupo municipal mixto e a que tamén se lle dixera no seu momento que era necesario antes aprobar o Plan Especial do Porto cando iso non é así.

A sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, contesta con relación á pregunta sobre as terras que se levantaron do campo de fútbol de Carnoedo, da sesión anterior:

«Ola, boa tarde a todos e a todas. Con respecto á pregunta do pleno pasado efectivamente si que preguntei que non tiña coñecemento, e desde a empresa, desde a obra, do campo de fútbol de Carnoedo falo, perdón, a empresa desa obra si que sacou unha terra..., non era residuo, era terra..., se utilizou para dotar de aparcadoiro ao equipamento deportivo posto que o club de fútbol de Carnoedo conseguiu a cesión de dúas parcelas para poder aparcas nos partidos de fútbol».

A sra. Mouriño contesta tamén á pregunta sobre as becas comedor (3ª).

A sra. Nogareda intervén insistindo no protocolo para a retirada das terras en Carnoedo.

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta á pregunta sobre as beiravías do lugar do Tarabelo (1ª).

O Alcalde, sr. Portela Fernández (SM), contesta ás preguntas sobre a avenida do Párroco Villanueva, 25, que vén dunha sesión anterior, á relativa ás alegacións ao Plan Especial de Veigue (2ª); e sobre O Meu Lar (5ª), intervindo tamén a sra. Nogareda e o sr. Blanco González (UPSA).



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000008

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 38 minutos do día xoves 29 de maio do 2025, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.